

Decálogo de boas prácticas

Reconecta co medio ambiente nas túas vacacións de verán

REDUCE A PRODUCCIÓN DE REFUGALLOS



Leva sempre a túa propia bolsa reutilizable, así como a túa botella de auga reenchible.

Evita o consumo de produtos de usar e tirar, e prescinde dos envases e envoltorios innecesarios.

COMBATE O DESPERDICIO ALIMENTARIO



Calcula ben as racións e dá unha oportunidade aos alimentos “feos” (teñen as mesmas propiedades nutritivas que os “guapos”).

Se vas a un restaurante, pide unicamente o que vaías comer, e se hai sobras, lévaas para a casa.

CADA RESIDUO AO SEU CONTADOR



Separa os residuos en orixe e introdúceos no contedor correspondente para propiciar o seu posterior reciclado. Contribuirás a aforrar enerxía e materias primas virxes.

NADA AO CHAN



Garda os teus residuos ata que atopes unha papeleira ou contedor axeitado no que depositalos.

CONSUME PRODUTOS LOCAIS E DE TEMPADA



Contribuirás a minorar as emisións de CO₂ derivadas do transporte e favorecerás a economía local.

ELIXE ALOXAMENTOS CON CERTIFICACIÓN AMBIENTAL



Segue as súas recomendacións.

FAI UN USO EFICIENTE DA AUGA



Duchas curtas.

Pecha a billa ao lavar os dentes ou enxabonarte.

AFORRA ENERXÍA



Aproveita a luz natural.

Desenchufa os aparellos eléctricos cando non os esteas a utilizar.

Ollo co aire acondicionado.

DESPRÁZATE DE FORMA SOSTIBLE



Camiñando, en bicicleta ou en transporte público.

Comparte as viaxes en coche.

DESCONECTA PARA RECONECTAR



Prescinde das pantallas.

Goza da contorna e cóidaa.

